Cada ano, o FICBUEU comeza a súa programación coas Xornadas Cinematográficas, un espazo de reflexión e análise sobre o cinema que reúne profesionais do sector como cineastas, críticos e ensaístas para abordar diversas temáticas relacionadas coa linguaxe cinematográfica. Desde o nacemento da séptima arte, a música acompañou as imaxes e constituíuse nun elemento fundamental na evolución da expresión no cinema. Nesta edición, as Xornadas Cinematográficas terán como protagonistas a música e o cinema, poñendo o foco na composición como elemento narrativo.

MUSIC AND FILM.

Composition as a narrative element

Every year, FICBUEU kicks off its program with the Film Conference, a space for reflection and analysis on cinema that brings together industry professionals such as filmmakers, critics, and essayists to address various topics related to cinematic language. Since the birth of the seventh art, music has accompanied images and has become a fundamental element in the evolution of expression in cinema. In this edition, the Film Conference will focus on music and cinema, highlighting composition as a narrative element.

ENCONTROS PROFESIONAIS. DIÁLOGOS SOBRE COMPOSICIÓN

SÁBADO 6 ÁS 11:00 H. SALA MULTIUSOS

A mañá das Xornadas cinematográficas estará ocupada por tres diálogos entre profesionais do mundo da composición para cine e series, cuns emparellamentos pensados para xuntar a profesionais con ampla carreira no sector con persoas máis noveis. Esas conversas culminarán tras o terceiro diálogo cun encontro entre os seis profesionais, no que o público asistente tamén poderá participar.

No primeiro diálogo da xornada atoparanse Alicia Morote e Gustavo Gill, que falarán sobre como dar os primeiros pasos no sector da música para cine e dos procesos de escritura, produción e narrativa da canción. Xuntos analizarán os condicionantes artísticos, dramáticos e técnicos que poden presentar eses procesos.



A segunda conversa estará protagonizada por Iván M. Lacámara e Mara Villavicencio e terá a tecnoloxía como piar fundamental. Lacámara e Villavicencio falarán de como os sintetizadores e a hibridación sonora afectan á linguaxe musical audiovisual, ao tempo que afondarán na importancia dos “temp tracks” ou referencias musicais provisionais.



Alberto Torres e Gabi Martínez atoparanse nunha terceira conversa para abordar a relación entre o deseño sonoro e a música, así como da construción dun guión musical que permita estruturar a narrativa.



PROFESIONAL MEETINGS. DIALOGUES ON COMPOSITION

SATURDAY 6TH AT 11 PM. MULTIPURPOSE ROOM

The morning of the Seminars will be occupied by three dialogues between professionals from the world of film and series composition, with pairings designed to bring together professionals with a long career in the sector with newcomers. These conversations will culminate after the third dialogue in a large-scale meeting between the six participating professionals, in which the audience will be able to participate too. The first dialogue of the day will feature Alicia Morote and Gustavo Gill, who will talk about how to take the first steps in the film music sector and the processes of writing, producing and narrating songs in film, with its artistic, dramatic and technical conditioning factors. The second conversation will feature Iván M. Lacámara and Mara Villavicencio, with technology as a fundamental pillar. Lacámara and Villavicencio will talk about synthesizers and sound hybridisation and how this affects audiovisual musical language, while they will also delve into the importance of ‘temp tracks’ or provisional musical references. Alberto Torres and Gabi Martínez will meet in a third conversation to talk about the relationship between sound design and music and the construction of a musical script to structure the narrative.

CLASE MAXISTRAL. DO CLASICISMO Á MODERNIDADE: AS COMPOSITORAS DE BANDAS SONORAS

SÁBADO 6 ÁS 16:30H. SALA MULTIUSOS



Doreen Carwithen, Shirley Walker, Rachel Portman, Hildur Guðnadóttir e Mica Levi serán algunhas das compositoras protagonistas desta clase maxistral onde poderemos descubrir os aportes das mulleres á historia da música no cine. A palestra centrarase non só nas figuras máis recoñecidas, senón que atenderá tamén ás autoras de culto e ás circunstancias de pro-

dución cultural e recepción social que condicionaron a presenza dunhas e doutras. O crítico de cinema Diego Salgado será o encargado de impartir esta clase maxistral. Salgado é autor de *Supernovas: Una historia feminista de la ciencia ficción audiovisual* xunto a Elisa McCausland, con quen presenta tamén o podcast *Trincheras de la cultura pop*. Colabora, ademais, en medios como *Cine Divergente*, *Détour* ou *Dirigido por*, e é membro da Film Critics Society.

MASTER CLASS.
FROM CLASSICISM TO MODERNITY:
WOMEN SOUNDTRACK COMPOSERS
 SATURDAY 6TH AT 4:30 PM. MULTIPURPOSE ROOM

Doreen Carwithen, Shirley Walker, Rachel Portman, Hildur Guðnadóttir and Mica Levi will be some of the women composers featured in this master class where we will discover the contributions of women to the history of film music. The lecture will focus not only on the most renowned figures, but also on the cult authors and the circumstances of cultural production and social reception that conditioned the presence of some of them. The film critic Diego Salgado will be in charge of giving this master class. Salgado is the author of Supernovas: Una historia feminista de la ciencia ficción audiovisual together with Elisa McCausland, with whom he also presents the podcast Trincheras de la cultura pop. He also contributes to media such as Cine Divergente, Détour and Dirigido por, and is a member of the Film Critics Society.

CONVERSA.
A MÚSICA E A MONTAXE EN ROMERÍA
 SÁBADO 6 ÁS 18:30H. SALA MULTIUSOS



Gaspar Broullón, produtor e montador, moderará esta conversa entre Ana Pfaff (montadora) e Ernest Pipó (compositor). Música e montaxe son dous elementos fundamentais na constitución do ritmo dun filme, e a súa correcta conxunción sendo moitas veces parte fundamental da súa proposta estética e narrativa. Durante o encontro, ambos profesionais reflexionarán sobre os procesos de traballo conxunto no filme *Romería* (Carla Simón), dialogando co público sobre a importancia das sinerxias entre ambas disciplinas.

Ana Pfaff focalizou ata o momento o seu traballo como montadora no cinema independente. Ten traballado con cineastas como Chema García Ibarra, Víctor Iriarte

ou Clara Roquet. Moitas das películas montadas por Pfaff percorreron con éxito os festivais internacionais, destacando o Oso de Ouro en Berlín de *Alcarràs* (2022) ou a estrea na Sección Oficial de Cannes da propia *Romería*. O seu traballo de montaxe foi recoñecido con dous Premios Gaudí e outras tantas candidaturas aos Goya. Como realizadora, forma parte do colectivo *Dostopos* xunto á montadora Ariadna Ribas.

Ernest Pipó é un compositor asentado en Barcelona. Empeza a súa carreira musical como guitarrista de música xeralmente instrumental e improvisada. Achégase á música de tradición escrita e ao piano mediante a súa aproximación ao mundo do cinema; nese ámbito, asinou as partituras da longametraxe *Estiu 1993* (2017) e da curtametraxe *Después también* (2019), anteriores traballos da directora Carla Simón.

O moderador deste encontro, Gaspar Broullón, é un produtor, montador e realizador galego con máis de 20 anos de experiencia. Recibiu en catro ocasións o premio Mestre Mateo á Mellor Montaxe polo seu traballo nas series *Hierro* (2019-2022) e *Rapa* (2022-2024), e traballou como produtor executivo en filmes como *O Corpo Aberto* (Ánxeles Huerta, 2022) ou *Eroski-Paraíso* (Jorge Coira e Xesús Ron, 2019). Na actualidade é profesor na Universidade de Santiago de Compostela e na Universidade da Coruña e vicepresidente no Clúster Audiovisual Galego.

CONVERSATION.
MUSIC AND EDITING IN ROMERÍA
 SATURDAY 6TH AT 6:30 PM. MULTIPURPOSE ROOM

Gaspar Broullón, producer and editor, will moderate this conversation between Ana Pfaff (editor) and Ernest Pipó (composer). Editing and music are two fundamental elements in the constitution of the rhythm of a film, and their correct conjunction can be decisive in achieving a satisfactory final result. During the meeting, both professionals will reflect on the joint work processes in the film Romería (Carla Simón), discussing with the audience the importance of synergies between the two disciplines.

Ana Pfaff has so far focused her work as an editor on independent cinema. She has worked with filmmakers such as Chema García Ibarra, Víctor Iriarte and Clara Roquet. Many of the films edited by Pfaff have successfully toured international festivals, including the Golden Bear at Berlin of Alcarràs (2022) and the premiere of Romería itself in the Official Selection at Cannes. Her editing work was recognised with two Gaudí Awards and two Goya nominations. As a filmmaker, she is a member of the Dostopos collective together with editor Ariadna Ribas.

Ernest Pipó is a composer based in Barcelona. He began his musical career as a guitarist of generally instrumental and improvised music. He approached traditional written music and piano through his approach to the world of film; in this field, he wrote the scores for the feature film Estiu 1993 (2017) and the short film Después también (2019), previous works by the director Carla Simón. The moderator of this event, Gaspar Broullón, is a Galician

producer, editor, and director with more than 20 years of experience. He has received the Maestro Mateo Award for Best Editing four times for his work on the series *Hierro* (2019-2022) and *Rapa* (2022-2024), and worked as an executive producer on films such as *O Corpo Aberto* (Ánxeles Huerta, 2022) and *Eroski-Paraíso* (Jorge Coira and Xesús Ron, 2019). He is currently a professor at the University of Santiago de Compostela and the University of A Coruña, and vice president of the Galician Audiovisual Cluster.

ANÁLISE FÍLMICA. DAVID LYNCH VISTO COS OUVIDOS

SÁBADO 6 ÁS 20:30H. AUDITORIO



O cinema do recoñecido director David Lynch será o protagonista desta charla onde analizaremos a importancia da música e do son nos seus filmes. Ambos elementos forman parte fundamental do universo estético do director, da súa dramaturxia e da súa narración, convertendo os seus filmes nunha experiencia única.

Comentaranse globalmente algúns dos seus filmes máis representativos e particularmente algunhas escenas, procedentes de clásicos lynchianos como *The Elephant Man* (1980), *Blue Velvet* (1986), *Twin Peaks* (1990) ou *Mulholland Drive* (2001), entre outras. O encontro pecharase coa proxección de *The Grandmother* (1970), unha das primeiras curtas dirixidas polo cineasta.

O responsable desta análise fílmica será Conrado Xalabarder, especialista en música de cine e creador da web centrada en música cinematográfica *MundoBSO*. Xalabarder escribiu en publicacións como *Fotogramas*, o *Periódico de Catalunya* ou a revista da Academia das Artes e das Ciencias Cinematográficas de España. É ademais profesor de Bandas Sonoras en universidades como a Universitat de Vic ou a Pompeu Fabra, e colabora como asesor musical en filmes e outros proxectos audiovisuais.

DAVID LYNCH SEEN WITH THE EARS

SATURDAY 6TH AT 8:30 PM. AUDITORIUM

The films of the renowned director David Lynch will be the protagonist of this talk in which we will analyse the importance of sound and music in his films. Both elements form a fundamental part not only of the director's aesthetic universe, but especially of his dramaturgy and narration. Lynch made use of both son and music for artistic purposes, to complete his films and turn them into an unique experience. Some of his most representative films will be discussed globally and particularly some scenes from Lynchian classics such as *The Elephant Hand* (1980), *Blue Velvet* (1986), *Twin Peaks* (1990) and *Mulholland Drive* (2001), among others. The meeting will close with the screening of *The Grandmother* (1970), one of the first short films directed by the filmmaker.

The person in charge of this film analysis will be Conrado Xalabarder, a specialist in film music and creator of the website *MundoBSO*, which focuses on film music. Xalabarder has written for publications such as *Fotogramas*, *El Periódico de Catalunya* and the magazine of the Academia de las Artes y de las Ciencias Cinematográficas de España. He is also a professor of Soundtracks at universities such as the Universitat de Vic and Pompeu Fabra, and collaborates as a musical consultant on films and other audiovisual projects.

CERTAME DE CURTAMETRAXES

COLOQUIOS CON CINEASTAS

DOMINGO 7 ÁS 21:30H.
E DO LUNS 8 AO SÁBADO 13 ÁS 20:30H.
SALA AMALIA DOMÍNGUEZ BÚA



Complementando a proxección das Seccións oficial e GZ_00, as autoras e autores das obras visionadas participarán nun encontro co público. Eses coloquios comezarán o domingo 7 ás 21:30h coas e cos cineastas da Sección GZ_00, e continuarán entre o luns 8 e o sábado 13 ás 20:30h cos equipos das curtas seleccionadas na Sección oficial. Os coloquios estarán abertos ao público, brindando a oportunidade de coñecer a perspectiva das directoras e directores, que falarán das súas obras e dos seus procesos creativos. Estes encontros ofrecen aos espectadores a oportunidade de dialogar coas e cos cineastas, enriquecendo así a súa experiencia no festival. Os coloquios retransmítense por streaming e estarán dispoñibles en liña ao longo de toda a semana para facilitar o acceso ás persoas que asistan á sesión das 21:30H.

TALKS WITH FILMMAKERS
SUNDAY 7TH AT 9:30 PM AND FROM
MONDAY 8TH TO SATURDAY 13TH AT 8:30 PM.
AMALIA DOMÍNGUEZ BÚA ROOM

Complementing the first screenings of the Official Selection and the GZ_00 Section, the authors of the screened works will participate in a meeting with the public. These talks will begin on Sunday 7 at 21:30h with the filmmakers of the GZ_00 Section, and will continue between Monday 8 and Saturday 13 at 20:30h with the teams of the short films selected for the Official Section. The colloquiums will be open to the public, offering the opportunity to get to know the perspective of the directors, who will talk about their works and their creative processes. These meetings offer viewers the opportunity to talk to the filmmakers, thus enriching their experience at the festival. The talks will be streamed and made available online throughout the week to facilitate access for those attending the 9:30 PM session.

**PRESENTACIÓN DO CADERNO
FICBUEU #6.
O DESTINO COMO FORMA. IMAXES
DO EXILIO / EXILIOS DA IMAXE
SÁBADO 13 ÁS 11:00H.
SALA AMALIA DOMÍNGUEZ BÚA**



O Caderno FICBUEU #6, analiza, en diálogo cos cinco títulos que conforman a retrospectiva, a relación existente entre o concepto de exilio e o mundo da imaxe audiovisual. Este ensaio constrúese afondando nos procesos de busca e reflexión de dúas mulleres poetas e creadoras, a actriz María Luisa Elío e a filósofa María Zambrano. Ao mesmo tempo, analiza a forma en que determinadas autoras e autores asumen o proceso creativo, esencialmente, como unha vivencia. As súas obras, por esta mesma razón, parecen converterse, por momentos, nunha especie de “artefactos temporais” onde conflúen (e se confunden) a súa vida e obra; as súas identidades, o seu pasado ou a súa memoria co seu destino.

O autor do Caderno FICBUEU #6 é José Manuel Mouriño, investigador, docente, ensaísta e cineasta. Doutor en Belas Artes, Mouriño ten comisariado exposicións e realizado investigacións e escritos sobre autores como Mijail Romm, Andréi Tarkovski, Norman McLaren ou Pier Paolo Pasolini, entre moitos outros.

A presentación contará coa presenza de Diego García, fillo de Jomí García Ascot, director dun dos filmes que conforma a Sección retrospectiva, Remedios Varo 1913-1963 (1967); e Valentín García Gómez, responsable da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que apoia un ano máis a publicación do caderno.

PRESENTATION OF FICBUEU
MONOGRAPH #6.
DESTINY AS FORM. IMAGES OF EXILE /
EXILES OF THE IMAGE
SATURDAY 13TH AT 11:00 AM.
AMALIA DOMÍNGUEZ BÚA ROOM

The FICBUEU Monograph #6, in dialogue with the five titles that make up the retrospective, analyses the relationship between the concept of exile and the world of the cinematographic and audiovisual image. This essay is constructed by delving into the processes of research and reflection of two women poets and creators, the actress María Luisa Elío and the philosopher María Zambrano. At the same time, it analyses the way in which certain authors assume the creative process, essentially, as an experience. Their works, for this very reason, seem to become, at times, a kind of ‘temporary artefacts’ where their life and work converge (and are confused); their identities, their past or their memory with their destiny.

The author of FICBUEU Notebook #6 is José Manuel Mouriño, researcher, teacher, essayist and filmmaker. With a PhD in Fine Arts, Mouriño has curated exhibitions and carried out research and writings on authors such as Mikhail Romm, Andrei Tarkovsky, Norman McLaren and Pier Paolo Pasolini, among many others.

This presentation will be attended by Diego García, son of Jomí García Ascot, director of one of the films in the retrospective section, Remedios Varo 1913-1963 (1967); and Valentín García Gómez, head of the Secretaría General de Política Lingüística, who is once again supporting the publication of the booklet.

**ENTREGA DE PREMIOS FICBUEU 2025
SÁBADO 13 ÁS 23:00H. SALA MULTIUSOS**



O palmarés da 18ª edición do FICBUEU será anunciado na cerimonia de entrega de premios que terá lugar ao remate das proxeccións das seccións competitivas. O acto, aberto ao público, contará coa presenza de cineastas, integrantes dos distintos xurados así como representantes das institucións e empresas que apoian o evento. O acto contará con música en directo a cargo de André Soaxe e Martiño Malleiro Díaz.

FICBUEU 2025 AWARDS CEREMONY

SATURDAY 13TH AT 11:00 PM.
MULTIPURPOSE ROOM

The winners of the 18th edition of FICBUEU will be announced at the awards ceremony that will take place at the end of the screenings of the competitive sections. The event, which is open to the public, will be attended by filmmakers, members of the different juries and representatives of the institutions and companies supporting the event. The event will feature live music by André Borraja and Martiño Malleiro Díaz.

GALA ESCOLAS GALEGAS

SÁBADO 20 ÁS 11:00H. AUDITORIO

As curtametraxes realizadas nos centros de ensino serán as protagonistas desta cerimonia onde se proxectarán as obras finalistas da Sección centros de ensino e se entregarán os galardóns ás obras gañadoras das Categorias Educación Especial, Infantil e Primaria e Educación Secundaria. A gala, que conta co apoio da editorial Kalandraka, estará conducida pola escritora e editora Olalla González, acompañada polo artista plástico Marc Taeger, quen realizará debuxo e animación ao vivo. O acto contará con música en directo a cargo de Martín, Carmen e Juan Sánchez Paz.



GALICIAN SCHOOLS CEREMONY

SATURDAY 20TH AT 11:00 AM. AUDITORIUM

The short films made in schools will be the protagonists of this ceremony, where the finalists in the Schools Section will be screened and the awards will be presented to the winners in the Special Education, Infant and Primary and Secondary Education Categories. The ceremony, which has the support of the Kalandraka publishing house, will be hosted by the writer and publisher Olalla González, accompanied by the visual artist Marc Taeger, who will perform live drawing and animation. The event will feature live music by Martín, Carmen e Juan Sánchez Paz.

ESPECTÁCULO. A FEIRA DAS ILUSIÓNS

SÁBADO 20 DE 12:00 A 13:30H E DE 16:30 A 18:00H.
EXTERIORES DO CENTRO SOCIAL DO MAR

A orixe do cinema é o fío condutor desta instalación artística, un espazo expositivo no que a través de zootro-

pos, praxinoscopios e demais inventos descubriremos como xorden as imaxes en movemento. A feira das ilusións é unha instalación teatralizada a modo de feira ambulante de enxeños ambientada no século XIX. O espectáculo, organizado pola agrupación burgalesa Errabundo Pelele, ofrece un paseo pola historia dos xoguets ópticos e as ilusións visuais que deron lugar ao nacemento do cinema. O público poderá acceder de balde á instalación para coñecer á familia Reynaud, uns feirantes vidos do pasado, que realizarán unha visita guiada pola mostra. A compañía Errabundo Pelele realizará entre as 12:00h e as 13:30h e as 16:30h e as 18:00h varios pases de aproximadamente 15 minutos deste espectáculo teatralizado.



SHOW. THE FAIR OF ILLUSIONS

SATURDAY 20TH FROM 12 PM TO 1:30 PM AND
FROM 4:30 PM TO 6 PM.

OUTSIDE THE CENTRO SOCIAL DO MAR

The origin of cinema is the guiding thread of this artistic installation, an exhibition space in which, through zootropes, praxinoscopes and other inventions, we will discover how moving images originated. The fair of illusions is a theatrical installation in the form of a travelling fair of inventions set in the 19th century. The show, organised by the group Errabundo Pelele from Burgos, offers a walk through the history of optical toys and visual illusions that gave rise to the birth of cinema. The public will be able to enter the installation free of charge to meet the Reynaud family, fairground workers from the past, who will give a guided tour of the exhibition. The company Errabundo Pelele will perform several 15-minute performances of this dramatised show between 12 PM and 1:30 PM and 4:30 PM and 6 PM.

CRÍTICAS CINEMATOGRÁFICAS

Coa finalidade de fomentar a reflexión e afondar nos filmes proxectados, ofrecemos ao público asistente ás proxeccións da Sección oficial un pequeno caderno con análises críticas dos filmes incluídos en cada sesión. Esta publicación, que será distribuída en formato físico e dixital, busca aportar ao público do FICBUEU outro punto de vista na percepción dos filmes, afastándose da opinión e da emoción subxectiva para achegarse máis obxectivamente á proposta artística de cada un deles. Estes textos correrán a cargo de Xavier Montoriol, graduado en Linguas e literaturas mo-

deras pola UB, mestrado de Estudos Comparativos de Literatura, Arte e Pensamento na UPF e de Comisariado Audiovisual na EQZE. É cofundador de Muelle5 e escribe regularmente para outros medios de crítica cinematográfica, tendo textos publicados en Outskirts, A pala de Walsh ou Otros Cines Europa.



FILM REVIEWS

With the aim of encouraging reflection and to delve deeper into the films screened, we offer the public attending the screenings of the Official Selection a small notebook with critical analyses of the films included in each session. This publication, which will be distributed in physical and digital format, aims to provide FICBUEU audiences with another point of view in the perception of the films, moving away from subjective opinion and emotion to approach more objectively the artistic proposal of each film. These texts will be written by Xavier Montoriol, a graduate in Modern Languages and Literatures from the UB, with a Master's degree in Comparative Studies in Literature, Art and Thought from the UPF and in Audiovisual Curation from the EQZE. He is co-founder of Muelle5 and writes regularly for other film critics, with texts published in Outskirts, La pala de Walsh and Otros Cines Europa.

CANLE FICBUEU



Coa finalidade de seguir engrosando o arquivo audiovisual do festival e de que as gravacións realizadas durante o evento queden a disposición do público para a súa posterior consulta, volveranse retransmitir por streaming distintas actividades para ser publicadas logo na Canle FICBUEU en YouTube. A través da nosa canle de Youtube, poderanse ver en directo todos os coloquios con cineastas, as actividades que conforman as Xornadas Cinematográficas, a presentación do Caderno FICBUEU #6, a Entrega de premios e a Gala Escolas Galegas.

FICBUEU CHANNEL

In order to continue adding to the audiovisual archive of the festival and to make the recordings made during the event available to the public for later consultation, different activities will be rebroadcast by streaming and then published on the FICBUEU Channel on Youtube. Through our Youtube channel, it will be possible to watch live all the talks with filmmakers, the activities that make up the Film Conferences, the presentation of the FICBUEU #6 Monograph, the Awards Ceremony and the Galician Schools Gala.

RUTA DAS TAPAS 5 ESTRELAS DO VENRES 5 AO DOMINGO 14



Un ano máis, presentamos, en colaboración con diferentes locais de hostalaría de Bueu, a Ruta das Tapas 5 Estrelas, iniciativa que pretende fusionar o cinema e a gastronomía. Desde o venres 5 e ata o domingo 14, o público poderá achegarse a diferentes locais da vila e degustar propostas gastronómicas inspiradas no mundo do cinema. Este ano, os establecementos participantes son Esmorga, Volver, Pyramis, Noite Tapas, Casa Quintela, A Taberna de Casa Videira e Tiembla, Maruxa.

5 STARS TAPAS ROUTE FROM FRIDAY 5TH TO SUNDAY 14TH

Once again this year, we present, in collaboration with different bars and restaurants in Bueu, the 5 Star Tapas Route, an initiative that aims to merge cinema and gastronomy. From Friday 5th to Sunday 14th, the public will be able to visit different establishments in the town and taste gastronomic proposals inspired by the world of cinema. This year, the participating establishments are Juerga, Volver, Pyramis, Noche Tapas, Casa Quintela, La Taberna de Casa Videira and Tiembla, Maruxa.

XURADOS JURIES

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE

THE JURY OF THE FUTURE



MASSIMO IANETTI

PROGRAMADOR DE CINEMA

Massimo Iannetti é programador de cinema e profesional de festivais cinematográficos.

Estudou o máster en Estudos Cinematográficos, Programación e Curadoría da National Film and Television School do Reino Unido.

Actualmente, forma parte do equipo de programación do Festival de Cine Black Nights de Tallin, o Festival Internacional de Cine de Edimburgo e do Lago Film Fest, na localidade italiana de Revine Lago. Ademais, traballa como Coordinador do Mercado en Sheffield DocFest e como Responsable de Industria en Pordenone Docs Fest. Ao longo do ano, tamén colabora con outros festivais e mercados internacionais como o BFI London Film Festival e When East Meets West.

FILM PROGRAMMER

Massimo Iannetti is a film programmer and film festival professional.

He holds an MA in Film Studies, Programming and Curating from the National Film and Television School in the UK. He is currently part of the programming team of the Tallinn Black Nights Film Festival, the Edinburgh International Film Festival and Lago Film Fest, in the Italian town of Revine Lago.

In addition, he works as Market Coordinator at Sheffield DocFest and as Industry Manager at Pordenone Docs Fest. Throughout the year, he also collaborates with other international film festivals and markets such as the BFI London Film Festival and When East Meets West.



ELOY DOMÍNGUEZ SERÉN

CINEASTA E DOCENTE

Eloy Domínguez Serén é un cineasta e docente galego. Os seus filmes foron programados en festivais como IDFA, Mar del Plata, Visions du Réel ou Clermont-Ferrand, así no Anthology Film Archives, o Centre Pompidou ou o Museo Reina Sofía.

A súa primeira longametraxe documental, *No cow on the ice*, estréase en Visions du Réel 2015. En 2017 participa na Berlinale Talents con *Hamada* - estreada en IDFA 2018 -, película seleccionada en numerosos festivais. En 2020 filma *Os corpos*, e en 2022 estrea o seu primeiro filme de ficción, *Rompente*, que obtén a Biznaga de Prata á Mellor Curtametraxe de Ficción no Festival de Málaga e é candidata aos Premios Goya 2023. En 2024 roda a súa primeira longametraxe de ficción, *Tralovento*, actualmente en fase de posproducción.

Ademais do seu labor como cineasta, é docente na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

FILMMAKER AND UNIVERSITY PROFESSOR

Eloy Domínguez Serén is a Galician filmmaker and teacher. His films have been screened at festivals such as IDFA, Mar del Plata, Visions du Réel, and Clermont-Ferrand, as well as at the Anthology Film Archives, the Centre Pompidou, and the Reina Sofía Museum.

His first feature-length documentary, *No cow on the ice*, premiered at Visions du Réel 2015. In 2017, he participated in Berlinale Talents with *Hamada*—premiered at IDFA 2018—a film selected for numerous festivals. In 2020, he filmed *Los cuerpos*, and in 2022, he premiered her first fiction film, *Madrugada*, which won the Biznaga de Plata for Best Fiction Short Film at the Malaga Film Festival and is a candidate for the 2023 Goya Awards. In 2024, he shot her first feature-length fiction film, *Tralovento*, currently in post-production.

In addition to his work as a filmmaker, he teaches at the Faculty of Communication Sciences at the University of Santiago de Compostela.



BEATRIZ HERNÁNDEZ

PRODUTORA E XESTORA CULTURAL

Beatriz Hernández é unha produtora e xestora cultural licenciada en Comunicación Audiovisual. É actualmente a directora artística do Skyline Benidorm Film Festival, proxecto propio que se realiza en Benidorm desde 2017 co fin de promover o cine na cidade.

Desde xuño de 2022 preside a Coordinadora del Cortometraje Español, asociación que defende a curtametraxe como formato independente da longametraxe e promove o seu desenvolvemento industrial. Tamén é unha das fundadoras e vicepresidenta de FESCICOM, Asociación de Festivales de Cine de la Comunitat Valenciana.

Como produtora, ten traballado en series como *Cosmos*, para FOX e National Geographic ou en campañas publicitarias para marcas como Hugo Boss Kids ou FIAT.

PRODUCER AND CULTURAL MANAGER

Beatriz Hernández is a producer and cultural manager with a degree in Audiovisual Communication. She is currently the artistic director of the Skyline Benidorm Film Festival, a project that has been held in Benidorm since 2017 with the aim of promoting cinema in the city.

Since June 2022, she has chaired the Coordinadora del Cortometraje Español, an association that defends the short film as an independent format from the feature film and promotes its industrial development. She is also one of the founders and vice-president of FESCICOM, Asociación de Festivales de Cine de la Comunitat Valenciana.

As a producer, she has worked on series such as *Cosmos*, for FOX and National Geographic, and on advertising campaigns for brands such as Hugo Boss Kids and FIAT.



MARÍA JUÁREZ

XESTORA CULTURAL E PROGRAMADORA


María Juárez é a directora do festival Directed by Women Spain. Xestora cultural, programadora e coordinadora de produción en festivais de cine e eventos artísticos, traballou en Iberseries e Platino Industria, Alcine –Festival Internacional de Cine de Alcalá de Henares, Emergente! CineLab, MAFIZ– no Festival de Málaga, no Torino Film Lab e no Rizoma Festival.

É tamén a responsable loxística de Documenta Madrid e Animario, en Cineteca Madrid, e actual adxunta a dirección do Cluster Audiovisual de Madrid, ademais de ser membro da xunta directiva de Matriz-Red de Festivales de Cine de Madrid e da asociación cultural MYC-Mujeres y Cine.

CULTURAL MANAGER AND PROGRAMMER

Director of the Directed by Women Spain Festival. Cultural manager, programmer and production coordinator at film festivals and artistic events, she has worked at Iberseries and Platino Industria, Alcine - Alcalá de Henares International Film Festival, Emergente! CineLab, MAFIZ- Festival de Málaga, Torino Film Lab and Rizoma Festival.

She is also the logistical manager of Documenta Madrid and Animario, at Cineteca Madrid, and current deputy director of the Audiovisual Cluster of Madrid, as well as being a member of the board of directors of Matriz-Red de Festivales de Cine de Madrid and of the cultural association MYC-Mujeres y Cine.



ELBA FERNÁNDEZ

COMPOSITORA E DESEÑADORA GRÁFICA

Elba Fernández dedícase tanto á composición musical como ao deseño gráfico para o ámbito audiovisual.

Creou dous proxectos musicais, *Jane Joyd* (2009 - 2014) e *Mordem* (2015 -), cos que editou varias referencias e discos e viaxou ofrecendo concertos en xiras e festivais nacionais importantes. A raíz desta faceta musical comeza a realizar música orixinal para cine e TV xunto co músico Xavi Font, coincidindo en proxectos como *Hierro*, *Auga Seca*, *Ons*, *Donde acaba la memoria*, *Código: Emperador*, *Rapa* ou *Sica*.


A súa faceta gráfica consiste en realizar key art e deseño gráfico para cine e series, ocupándose de traballos como cartelería, cabeceiras, deseño para desenvolvemento de proxectos, títulos ou logos para distintas produtoras nacionais.

COMPOSER AND GRAPHIC DESIGNER

Elba Fernández is dedicated to both musical composition and graphic design for the audiovisual field.

She has created two musical projects, Jane Joyd (2009 - 2014) and Mordem (2015 -) with which she has released several references and albums and travelled, giving concerts on tours and major national festivals. As a result of this musical facet she begins to make original music for film and TV along with the musician Xavi Font, coinciding in projects such as Hierro, Auga Seca, Ons, Donde acaba la memoria, Código: Emperor, Rapa or Sica.

Her graphic facet consists of making key art and graphic design for cinema and series, making works such as posters, headers, design for project development, titles or logos for different national production companies.



XAVIER MONTORIOL

CINEASTA, CRÍTICO E TRADUTOR

Xavier Montoriol é un cineasta, crítico e tradutor nado en Barcelona. Graduado en Linguas e literaturas modernas (UB), tamén cursou un máster en Estudos comparativos de literatura, arte e pensamento (UPF) e un posgrao en Comisariado audiovisual (EQZE). Escribiu para medios como *A Cuarta Pared*, *Otros Cines Europa*, *Outskirts*, *À pala de Walsh* ou *Muelle5*, espazo do que é cofundador. A súa primeira curtametraxe, *Cantarà l'alosa*, foi estreada en Curtas Vila do Conde en 2024.

FILMMAKER, CRITIC AND TRANSLATOR

Xavier Montoriol is a filmmaker, critic and translator born in Barcelona. A graduate in Modern Languages and Literatures (UB), he also holds a Master's degree in Comparative Studies in Literature, Art and Thought (UPF) and a postgraduate degree in Audiovisual Curatorship (EQZE). He has written for media such as A Cuarta Pared, Otros Cines Europa, Outskirts, À pala de Walsh and Muelle5, a space he co-founded. His first short film, Cantarà l'alosa, premiered at Curtas Vila do Conde in 2024.

INFORMACIÓN

INFORMATION

18º Festival Internacional de Cinemas de Bueu
FICBUEU 2025
18th Bueu International Film Festival FICBUEU 2025

www.ficbueu.com / info@ficbueu.com
Montero Ríos, 191. Baixo
36930 Bueu-Pontevedra

(Galicia-España)

PREMIOS AWARDS

Relación de premios para a décimo sétima edición do
Festival Internacional de Cinema de Bueu.

List of awards for the seventeenth edition of
International Film Festival of Bueu.

- Primeiro premio: 2.000 € e trofeo.

- First Award: 2,000 € and Award.

- Premio do público: 500 € e trofeo.

- Audience Award: 500 € and Award.

- Premio á mellor curtametraxe galega:

500 €, trofeo e desconto en material audiovisual en
RCService.

- Best Galician Short Film Award: 500 €, Award and dis-
counts on audiovisual material at RCService.

- Premio á mellor curtametraxe española:

500 €, trofeo e desconto en material audiovisual en
RCService.

- Best Spanish Short Film Award: 500 €, Award and dis-
counts on audiovisual material at RCService.

- Premio Descubertas: 500 € e trofeo.

- Discoveries Award: 500 € and Award.

- Premio Óptica Bueu GZ_00 : 250 € e trofeo.

- Óptica Bueu GZ_00 Award: 200 € and Award.

- Mellor curtametraxe de Escolas de cinema galegas:
formación audiovisual por valor de 250 € e trofeo.

- Best Short Film from Galician Cinema Schools and Fa-
culties: audiovisual training worth 250 € and Award.

- Mellor curtametraxe de Escolas de cinema Interna-
cionais: 250€ e trofeo.

- Best Short Film from International Cinema Schools and
Faculties: 250 € and Award.

- Mellor curtametraxe de Educación Secundaria: for-
mación audiovisual e trofeo.

- Best Short Film from Secondary Education: audiovisual
training and trophy.

- Mellor curtametraxe de Educación Especial, Infantil
e Primaria: formación audiovisual e trofeo.

- Best Short Film from Special Education, Pre-school and
Primary: audiovisual training and trophy.

EQUIPO DO FESTIVAL FESTIVAL TEAM

DIRECCIÓN, PROGRAMACIÓN E PRODUCCIÓN

DIRECTION, PROGRAMME AND PRODUCTION

María Ruiz-Falcó, Manuel Pena.

DIRECCIÓN DE COMUNICACIÓN

COMMUNICATIONS DIRECTOR

Lucía Rodríguez

DIRECCIÓN MINIFIC

MINIFIC DIRECTOR

María Rey

DIRECCIÓN TÉCNICA

TECHNICAL DIRECTION

Pablo Lamosa

EQUIPO DE PRODUCCIÓN

PRODUCTION TEAM

Catalina Eirea, Mario Elías, Miguel Abilleira

COORDINACIÓN DE CONVIDADAS/OS

GUEST MANAGEMENT

Catalina Eirea

PRENSA

PRESS

Andrea Villa

REDES SOCIAIS

SOCIAL MEDIA

Sabela Souto

ASISTENCIA TÉCNICA

TECHNICAL ASSISTANCE

Miguel Ángel Castro, Jorge Boquete

INTÉRPRETE

INTERPRETER

Silvia Carril

SUBTITULADO

SUBTITLING

Mario Elías

DESEÑO GRÁFICO

GRAPHIC DESIGN

Palmero Estudio

FOTOGRAFÍA/VÍDEO

PHOTOGRAPHY / VIDEO

Estudio Prolight

PATROCINIOS

SPONSORS

CON FINANCIACIÓN DE



CONCELLO DE BUEU

XUNTA
DE GALICIA

Co financiamento do Goberno de España

GOBIERNO
DE ESPAÑAMINISTERIO
DE CULTURA
Y DEPORTE

PATROCINA / FINANCES



SPONSORS / SPONSORS



COLABORA / COLLABORATES



CORVUS ▼ BELLI

APOIA / SUPPORTS



Kalandraka







